

# PEZA DESTACADA

## A PEZA

Exemplar da edición de 1764 do *Dictionarium* de Elio Antonio de Nebrija que inclúe nun mesmo volume o dicionario latín-español e o romance-latín, os dous do mesmo autor.

Procede do IES Otero Pedrayo (Ourense), un dos institutos históricos de Galicia creado ao abeiro do Plan Pidal (1845) que ditaba a creación dun centro de ensino secundario en cada capital de provincia.

## NEBRIJA, UN RENOVADOR

Elio Antonio de Nebrija (1444-1522) constitúe unha figura fundamental na historia da lingua castelá. Como humanista o seu traballo relaciónase co proceso de consolidación e de posta en valor das linguas vernáculas europeas durante o Renacemento, tendo neste sentido un papel

especialmente importante a elaboración da primeira gramática española e os seus dicionarios bilingües.

Tradicionalmente, o español-latín de Nebrija ven sendo considerado o primeiro dicionario español pois, aínda que existan algúns precedentes, o seu sería o primeiro repertorio

## Dictionarium

Madrid, 1764.

Elio Antonio de Nebrija




léxico extenso e moderno. Pese a isto, é preciso sinalar que recentemente produciuse o achado de parte dun vocabulario romance-latín atribuído a Alfonso Palencia que as hipóteses datan ca. 1492, o que o situaría uns anos antes á data na que aparece o de Nebrija.

Sen prexuízo destas revisións, a modernidade da obra de Nebrija resulta incuestionable. En primeiro lugar, no seu repertorio desaparecen as longas explicacións que caracterizaban as compilacións anteriores. Na súa obra a importancia non está no feito nomeado senón no nome, un dicionario bilingüe, un cambio que neste campo marca o paso da Idade Media ao Renacemento.


## OS DICCIONARIOS DE NEBRIJA

O latín-español foi o primeiro dos dicionarios elaborados por Nebrija, sendo publicado por primeira vez en 1492, en Salamanca, e ampliado con 10.000 entradas máis na edición de 1512, acadando así as 28.000. Pouco máis tardío é o español-latino, editado por primeira vez en torno a 1494-1495, que recollía 22.500 entradas. Aínda que inicialmente estes dous dicionarios constituíron dúas obras diferenciadas editadas de xeito independente, xa en 1503 atopamos unha edición que integra ámbolos dous nun mesmo volume, igual que acontece no exemplar que nos ocupa.



Por outra banda, o propio feito de elaborar un dicionario que teña como lingua de entrada unha lingua moderna era nese momento xa innovador en si mesmo, polo que a súa obra converteríase en modelo para posteriores dicionarios europeos. A súa difusión mesmo fixo que moi pronto foran traducidos os seus dicionarios a outras linguas, substituíndo normalmente o español por outros idiomas.

Este formato en realidade é coherente coa proposta de Nebrija, que falaba do seu traballo como unha única obra que debido ás circunstancias tivo que publicar fragmentada (fundamentalmente, polas esixencias do seu mecenas, Juan de Estúñiga).






### A EDICIÓN DE 1764

Este exemplar de 1764 corresponde coa segunda edición que realizou o impresor Manuel Martín. O seu taller de Madrid especializouse en xeral na realización de edicións populares diversas: libros de pequeno tamaño e baixo custo pero de contidos variados. Das súas sete prensas saíron tamén de forma habitual publicacións de series en follas soltas que tiñan como obxectivo fidelizar aos lectores populares.

Dos dicionarios de Nebrija, Martín realizaría dúas edicións. A primeira en 1758, baseada nunha edición de 1674 de González Manrique, para a que se lle da o preceptivo privilexio que autorizaba á súa impresión. Pero unha vez iniciado o proceso o editor decide suspendelo debido ao gran número de erratas que atopa nesta versión. Recorrerá entón a outra edición anterior, de 1622, que toma como base para despois corrixir.

En total, de ambos dicionarios, fariáanse 47 edicións ata 1600 e arredor de 50 máis ata 1837, o que evidencia o gran éxito destas obras e o seu estendido uso no ensino. Tanto é así que os seus dicionarios bilingües continuarían publicándose con fins didácticos ata o século XIX.





Serán precisamente estas modificacións con respecto ao plan inicial o que leve a Manuel Martín a solicitar unha nova licencia por dez anos para unha segunda edición. Deste segundo privilexio real que lle outorga Carlos III en 1762 sairá a edición que analizamos, a de 1764.



## BIBLIOGRAFÍA

- AHUMADA, I. "El proyecto nebrisense de un diccionario semibilingüe", *Hikma:estudios de traducción*, nº5 (2006)
- ALVAR EZQUERRA, M. "Nebrija, autor de diccionarios", *Cuadernos de Historia Moderna*, nº 13 (1992)
- ÁLVAREZ DE MIRANDA, P. "Hacia una historia de los diccionarios españoles en la Edad Moderna", *Bulletin Hispanique*, nº 1 (1995)
- DE LOS REYES GÓMEZ, F. "El privilegio de los Diccionarios de Antonio de Nebrija (siglos XV-XVIII): otro enredijo de mil diablos", *Corpus Eve. Émergence du Vernaculaire en Europe* (2014): <https://doi.org/10.4000/eve.850>.
- GARCÍA COLLADO, M.A. "Lectura y edición popular en la España ilustrada: las colecciones del impresor Manuel Martín", *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, Cádiz, nº 23 (2017)
- HAMLIN, C.M. "Alfonso de palencia: ¿autor del primer vocabulario castellano-latín que llegó a la imprenta?", *Boletín de la Real Academia Española*, T. 101 (2021)
- SACO CID, J.L. "O vello Instituto de Ourense", *Homo Sapiens, transmisor de coñecemento. Saberes humanos a través do patrimonio nos Institutos Históricos de Galicia* (2018)

Texto: Laura Rodríguez Castelos (Área de Didáctica)